



CONCELLO
DE
CABANAS

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 27 DE XULLO DE 2016.

Concelleiros asistentes:

D. Manuel González López
D. Julián Ramón Seijas Criado.
D^a. Esperanza Gayoso Pereiro.
D. Javier Fernández Brage
D. Delfín Feal Pereira.
D. Carlos Ladra Brage
D. Iago Varela Martínez.
D^a. María Eva García Amor
D. Xosé Manuel Pérez Sardiña

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día vinte e sete de xullo de dous mil dezaseis, en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde Germán Castrillón Permuy, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados á marxe e do Secretario titular Antonio López Vila, reúnese o Pleno da Corporación en sesión ordinaria segundo a convocatoria remitida ao efecto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, a Presidencia declara aberta e pública a sesión, procédese a trata-los asuntos

incluídos na Orde do Día.

Non asiste a concelleira D^a. Concepción Rodríguez Ferreiro.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DE ACTA DE SESIÓN ANTERIOR. Dáse conta da acta da sesión realizada o día 25 de maio de 2016, da cal entregouse copia coa convocatoria a tódolos concelleiros; o Sr. Presidente pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación, e non presentándose alegacións, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos dez membros presentes dos once que o compoñen, acorda aproba-la referida acta.

A continuación incorpórase a sesión a concelleira D^a. Concepción Rodríguez Ferreiro.

2.-SOLICITUDE OBRAS PLAN HURBE NO ANO 2016: MELLORA DE ACCESIBILIDADE NO ENTORNO DA IGREXA DE SANTO ANDRE DE CABANAS. Vista a Resolución do 15 de xuño de 2016, da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes, en materia de colaboración entre a Xunta de Galicia e as corporacións municipais, para a realización de obras con cargo ao financiamento extraordinario para o Plan Hurbe no ano 2016 (DOG nº 116, do 20 de xuño).

Visto a solicitude presentada por este Concello para execución da obra "Mellora da accesibilidade no entorno da igrexa de Santo André de Cabanas" segundo proxecto redactado polo arquitecto Manuel Porto Vila, cun orzamento de execución por contrata de 87.163,91 euros, máis honorarios de redacción proxecto por importe de 2.420,00 euros, o que representa un total de 89.583,91 euros, así como, a autorización do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Coruña.

Vista a documentación a remitir para o establecemento dun acordo de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o concello de Cabanas para a execución da referida obra.

Tendo en conta que se está a tratar de obras de interese municipal, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos once membros que o compoñen, acorda:



CONCELLO DE CABANAS

1º. Aprobar o proxecto técnico da obra “Mellora da accesibilidade no entorno da igrexa de Santo André de Cabanas” redactado polo arquitecto Manuel Porto Vila, cun orzamento de execución por contrata de 87.163,91 euros, máis honorarios de redacción proxecto por importe de 2.420,00 euros, o que representa un total de 89.583,91 euros.

2º. Manifestar a súa aceptación á execución das devanditas obras e comprometerse a:

a) A posta a disposición, libre de cargas e gravames e cos usos urbanísticos adecuados, de tódolos terreos necesarios, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levalas a cabo, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ó ser o Concello o titular das mesmas.

A estes efectos, tamén se compromete, se fora o caso, a prestar a aprobación ó proxecto técnico remitido á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio nun prazo máximo de 15 días, das modificacións a que houbera lugar unha vez supervisado polos servizos da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo..

b) A obriga de asumir, unha vez recibidas as obras e logo da comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a explotación, mantemento e conservación das mesmas.

c) Facultar ao Alcalde-Presidente, se fose o caso, para a sinatura do correspondente convenio.

3.- PROXECTO ADAPTACIÓN LOPD. A continuación dáse conta a Corporación do proxecto de tratamento dos datos de carácter persoal, Documento de Seguridade e os medios necesarios para cumprir coa Lei 15/1999 de Protección de datos de carácter Persoal e o seu Regulamento que a desenvolve aprobado por Real Decreto 1720/2007, redactado por Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB S.L.U.

No proxecto recóllense medidas de seguridade que varían segundo o tipo de datos tratados na Entidade, o responsable de seguridade será o titular da Secretaría, acordos de confidencialidade a asignar polo persoal que manexa estes datos tanto cargos políticos coma persoal municipal, cláusulas informativas, contratos a subscribir con encargados de tratamento, cláusulas servizos de internet e dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Mixto: o concelleiro do BNG Iago Varela Martínez considera moi necesario este proxecto e interesa o importe do estudo e mantemento anual; infórmaselle que o custo foron tres mil euros e o mantemento anual inda non hai datos.

Despois de estudado o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos once membros que o compoñen, acorda:

Aprobar dito proxecto cos documentos que o integran, para o tratamento de datos de carácter persoal nesta Entidade e cumprir co establecido na Lei 15/1999 de Protección de datos de carácter Persoal e o seu Regulamento que a desenvolve aprobado por Real Decreto 1720/2007, así como proceder a súa aplicación.

4.- ACTUALIZACIÓN DO RUEIRO E REDE CULTURAL DO CONCELLO DE CABANAS. Visto que con data 30 de setembro de 2015, o Pleno da Corporación acordou aprobar



CONCELLO
DE
CABANAS

o proxecto de “Actualización do rúeiro e rede cultural do concello de Cabanas” redactado por Proyestegal S.L. e sometelo a exposición pública por prazo de vinte días mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello a fin de que os veciños poidan examinar o expediente e formular as alegacións que estimen convenientes.

Publicado anuncio no BOP nº 206 do 28 de outubro e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, presentáronse no prazo establecido ao efecto as seguintes reclamacións:

Nome e apelidos reclamante	Nº rexistro entrada	Data presentación
Luciano Díaz Cabala	2297	12-11-2015
M ^a . Teresa Díaz Fachal	2319	13-11-2015
María Corbeira Carballo	2327	16-11-2015
José Alberto Espiñeira Datas e 16 máis	2328	16-11-2015
María Remedios Montero López	2359	18-11-2015
José Carbón Anca	2360	18-11-2015
M ^a . Cruz Carbón Ardao	2365	18-11-2015
Luciano Pérez Pérez	2366	18-11-2015
Emilio RomeroRodriguez	2371	19-11-2015
Uxío Romero Rodeiro	2372	19-11-2015
M ^a . José Rodeiro Iglesias	2373	19-11-2015
José Manuel Golpe Acuña	2374	19-11-2015
Montse Casal Riva	2375	19-11-2015
Andrés Galdo Gato	2376	19-11-2015
M ^a . del Mar Canosa Corral	2377	19-11-2015
M ^a . Beatriz Caruncho Corral	2378	19-11-2015
JoséAldao Portela	2380	19-11-2015
José Alfonso Abad Sánchez	2385	19-11-2015
Alfonso Abad Sánchez	2386	19-11-2015
Blanca M ^a . Piñeiro López	2387	19-11-2015
Faustino Barro Couto	2388	19-11-2015
Divina Feal Otero	2391	19-11-2015
Avedena	2397	20-11-2015
Antonio Anca Seijido	2398	20-11-2015
Antonio Anca Seijido	2399	20-11-2015

Dáse conta do ditame da Comisión de asuntos do Pleno coa emenda ao ditame da Comisión presentada polo concelleiro de PDDdG Xosé Manuel Pérez Sardiña, así como, solicitude de informe xurídico de Secretaría-Intervención.

Despois de dar conta o Secretario-Interventor que a solicitude do informe foi presentada a última hora da mañá do día de hoxe sen tempo para poder emitir o correspondente documento, informa das principais normas de aplicación como son o artigo 75 do Regulamento de poboación e demarcación territorial, Resolución conxunta da Presidenta do INE e do Director Xeral de Competencias coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, artigo 10 Lei 3/1983 de normalización lingüística e Decreto 189/2003 sobre nomenclator da provincia da Coruña.



CONCELLO DE CABANAS

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Socialista: o voceiro Delfín Feal Pereira indica que este asunto xerou debate, estivo a exposición pública e a mala numeración e nomenclatura está causando graves prexuízos a cidadanía; en canto as alegacións hai tres que están de acordo coa aceptación, e no rexeitamento das seguintes hai un grupo que se refire ao camiño de Vilachá, despois de falar con xente maior e ver documentación están conformes co rexeitamento; en canto a emenda do Sr. Pérez Sardiña pregunta si é necesario facer o trámite e si se fixo o trámite de contestar a Alcaldía a carta remitida polo seminario da Real Academia Galega.

Polo grupo Mixto: o concelleiro do BNG Iago Varela Martínez coincide en que é urxente e prioritario a actualización do rueiro pero iso non significa que se faga de calquera maneira coma noutras ocasións, ten dúbidas de como foi o procedemento e preocúpalle o caso da toponimia e en moitos casos tampouco cumpre a lei de normalización lingüística, apoia a proposta de solicitar informe de Secretaría-Intervención e insta á Presidencia a deixar o asunto sobre da mesa para a próxima sesión e facer ese informe.

A concelleira de AEC María Eva García Amor está de acordo coas intervencións anteriores, hai moitos problemas coa correspondencia, censo electoral, etc., o pedir o informe do Secretario non é algo arbitrario á vista do disposto no artigo 10.2 da lei de normalización lingüística, alude as competencias da Xunta de Galicia e non lle coinciden os núcleos recoñecidos no DOG coa documentación dos rueiros, tamén fixo traballo de campo en relación coas alegacións e entende que hai cousas que non serían de competencia do Concello.

O concelleiro de PDDdG Xosé Manuel Perez Sardiña tamén incide na necesidade de actualización do rueiro, estivo a procura de información sobre a toponimia oficial e contrastada coa que está encima da mesa hai topónimos que non coinciden nin co Decreto da Xunta nin co listado oficial do INE, a Alcaldía debe explicalo, o Concello non pode establecer núcleos pola súa conta, ea R.A.G. está facendo un traballo de actualización e dirixiu escrito a este Concello en xullo de 2014 que non contestou, fai referencia a emenda presentada e ofrécese a colaborar para que o trámite sexa o máis rápido posible e se faga ben, considera necesario un informe de Secretaría máis profundo, pódese adiantar traballo solicitando informe a Consellería da Presidencia porque non só se fala de rúas, hai erros ortográficos e tamén sería necesaria unha revisión pola comisión creada na R.A.G.

O portavoz do grupo Popular, Manuel González López en relación a emenda, entende que sería máis razoable que despois da exposición pública e dispoñer de información durante oito meses que si atopaba algún erro presentara proposta para modificalo, esta forma de actuar a última hora solo busca atrasar a aprobación e prexuízo para os veciños do Concello, recorda que o proxecto custou 29.900 euros e o de sinalización 59.600 euros, pídelles que non minta e trate de enganar a concelleiros e veciños, a sinalización conta cos informes preceptivos, arquitecto municipal, Demarcación de Estradas, AXI, Deputación, Patrimonio e Consellería de Medio Rural; non estamos nomeando ningún núcleo, en Fontiñas estáselle dando número a unha vivendas, para o núcleo hai outro proceso, o resto está de acordo co nomenclátor da Xunta de Galicia.

O Sr. Alcalde en relación co interesado polo Sr. Feal Pereira di que non lle pode contestar o relativo a carta da RAG, imaxina que pasaría aos servizos técnicos e se non había nada anormal non a contestarían, sobre o informe do Secretario xa o explicou antes, solo queda saber si é



CONCELLO DE CABANAS

preceptivo. Toma a palabra o Secretario para sinalar que non ten constancia de disposición que estableza informe preceptivo de Secretaría para tramitar este asunto, solo debe informar porque o solicita a cuarta parte dos concelleiros.

Prosegue o Sr. Alcalde indicando que unha vez aprobado haberá que remitilo a Xunta de Galicia e ao INE que dirán si hai algo que modificar, fíxose cos informes correspondentes en base aos nomes que hai postos, os concellos teñen a obriga de numerar os edificios e ter actualizado o rueiro, non se está tratando de núcleos nin novas vías.

O Sr. Feal Pereira entende que neste punto trátase de resolver as alegacións e a dúbida é si hai algún reparo posterior hai que facer algo máis, a posición do partido socialista é clara, o rueiro hai que actualizalo, e pide buscar a maneira de que os veciños teñan coñecemento e facilitarlle os trámites para os cambios da documentación.

O Sr. Varela Martínez reafirmase na solicitude que fixo na primeira intervención, adiar este punto ao pleno de setembro tendo en conta que en agosto non hai pleno ordinario porque así xa podían contar co informe de Secretaría, sería máis lóxico e non cree que haxa ningún problema, sen ese informe non vai votar a favor.

A Sra. García Amor saca como conclusión que se van aprobar as alegacións e non se está aprobando ningún tipo de núcleo, solo darlle numeración ás vías, gustaríalle que se conservasen os topónimos e se lle fixera caso ao informe da RAG, de todos xeitos é necesaria a actualización e por iso votará a favor.

O Sr. Pérez Sardiña indica que o que acaban de dicir é que non hai informe da comisión de toponimia no expediente nin decreto de modificación do nomenclátor pola Xunta de Galicia, e vostedes inclúen topónimos de núcleos de poboación no Anexo 1 da páxina 1 a 31, o resultado aproban isto e remítese ao INE e a Xunta que a través da comisión de toponimia vai facer outra modificación e despois vamos a ter outra modificación, hai que esperar polo informe de Secretaría e determinar si hai nomes novos, non solo se nomean rúas, a Corporación está invadindo competencias doutras Administracións, poñen nomes de lugares ligados a entidades de poboación, núcleos que non aparecen en ningún nomenclátor.

O Sr. Alcalde sinala que o lugar de Fontiñas é o único que hai de diferenza e se queren déixano aparte, pero a lei obriga a numerar, solo iso, non cambia máis nada, si hai un erro de ortografía haberá que corríxilo, diga cal é e corríxese – como intervéñ o Sr. Pérez Sardiña o Sr. Presidente o advirte por interromper- .

A continuación somete a votación ordinaria deixar o asunto encima da mesa, resultando dous votos a favor dos concelleiros do BNG e de PDDdG, cinco en contra dos membros do grupo Popular e catro abstencións dos membros do grupo Socialista e a concelleira de AEC, polo que queda rexeitada a proposta.

A seguir a Presidencia somete a votación ordinaria a emenda presentada polo concelleiro Sr. Pérez Sardiña, resultando dous votos a favor dos concelleiros do BNG e de PDDdG, cinco en contra dos membros do grupo Popular e catro abstencións dos membros do grupo Socialista e a concelleira de AEC, quedando rexeitada dita emenda.

Finalmente, despois de informar dos termos da proposta de acordo a votar, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, con oito votos a favor dos membros dos grupos Popular e Socialista, dous en contra dos concelleiros do BNG e PDDdG, e unha abstención da concelleira de AEC, acorda:



CONCELLO DE CABANAS

1º. Desestimar as alegacións presentadas por M^a. Teresa Díaz Fachal, José Alberto Espiñeira Datas e 16 máis, María Remedios Montero López, José Carbón Anca, M^a. Cruz Carbón Ardao, Luciano Pérez Pérez, Emilio RomeroRodríguez, Uxío Romero Rodeiro, M^a. José Rodeiro Iglesias, José Manuel Golpe Acuña, Montse Casal Riva, Andrés Galdo Gato, M^a. del Mar Canosa Corral, M^a. Beatriz Caruncho Corral, JoséAldao Portela, José Alfonso Abad Sánchez, Alfonso Abad Sánchez, Blanca M^a. Piñeiro López, Faustino Barro Couto, Avedena, e Antonio Anca Seijido.

2º. Estimar as alegacións presentadas por Luciano Díaz Cabalar, María Corbeira Carballo e Divina Feal Otero.

3º. Aprobar o ruego municipal de Cabanas, coas modificacións resultantes das alegacións formuladas e estimadas.

4º. Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia a efectos de xeral coñecemento.

5º. Notificar o presente acordo aos interesados que presentaron alegacións.

6º. Notificar este acordo co ruego aprobado á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Delegación provincial do INE.

5.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA. . A seguir dáse lectura a unha declaración institucional do Concello de Cabanas, acordada por tódolos grupos políticos na reunión da comisión de Asuntos do Pleno do 21 de xullo de 2016, sobre a recuperación da memoria histórica ao se cumpriren 80 anos do golpe de estado do 18 de xullo de 1936, a cal di:

“ O Concello de Cabanas, ao se cumprir o octoxésimo aniversario dos tráxicos acontecementos que deron pé á Guerra Civil e posterior ditadura franquista, quere rexeitar a súa condena ao golpe de Estado perpetrado por Francisco Franco o 18 de xullo de 1936, ao réxime ditatorial consecuencia deste golpe de Estado e aos crimes e represións sobre as persoas vencidas.

Así mesmo, o Concello de Cabanas reitera a importancia de proseguir coas accións dirixidas a dignificar a memoria das vítimas da represión exercida na Guerra Civil e durante o franquismo, eliminar os símbolos, as denominacións e as referencias franquistas de rúas e edificios públicos, así como a colaborar na identificación das persoas desaparecidas e soterradas en foxas comúns durante a ditadura franquista.

Finalmente, o Concello de Cabanas comprométese a dignificar a memoria das veciñas e veciños represaliados no noso concello durante a Guerra Civil e o franquismo”.

O concelleiro do BNG Iago Varela Martínez indica que a lectura debía realizala o concelleiro do BNG pois é consecuencia dunha moción máis avanzada presentada por este concelleiro, así como asinala tódolos grupos xa que se chegou a un consenso.

O Sr. Alcalde indica que non tiña inconveniente ningún en que se fixera, non tiña máis que propoñelo con anterioridade.

A continuación o concelleiro de PDDdG Xosé Manuel Pérez Sardiña, fai un relato recordando os feitos acontecidos neste Concello hai 80 anos, cando a Corporación con dous meses de actividade tivo que afrontar a realidade do golpe de estado, onde a comarca de Ferrol foi especialmente castigada e moitos homes tiveron que botarse ao monte cando o 30 de xullo se nomea alcalde ao mesmo comandante militar que toma posesión de Pontedeume, fai mención especial do alcalde Alvaro Puentes que colleu rumbo as fragas do Eume cando comezaron múltiples detencións ilegais e foi eliminado catro anos despois por un infiltrado, tamén escapou



CONCELLO DE CABANAS

con el o concelleiro Evaristo Eibe, e Ramiro Martínez, alude tamén aos paseos que acabaron coa vida de membros da agrupación local republicana e de membros doutras agrupacións políticas, outros tiveron que agacharse nas casas ou nas proximidades e cando se entregaban ían a prisión por tempo variable, despois de facer mención a outros veciños e os diferentes destinos, o acoso sufrido e mortes noutros casos, manifesta que as súas vidas non foron outro cousa que o reflexo do que lles aconteceu a moitos máis veciños e veciñas de Cabanas.

O voceiro do partido Socialista Delfin Feal Pereira considera que temos que ir mais cara adiante, na comisión de Asuntos do Pleno acordouse esta declaración, calquera levantamento contra a orde establecida é condenable e non hai maior maneira de render honra a esas persoas represaliadas que mostrar a repulsa e dignificar a esas persoas, habería que pensar no nome dunha praza e por outra banda facer un mural coas Corporacións co que estea documentado no Concello, cree que sería mellor que quedar solo en palabras.

O Sr. Alcalde está de acordo, o concelleiro de patrimonio téñenlle encargado algo diso, e agora tamén llo encarga a oposición.

6.- CUMPRIMENTO DAS COMPETENCIAS DE VIXILANCIA DA SEGURIDADE, LIMPEZA E HIXIENE NAS ZONAS DE BAÑO: PROPOSTA CONCELLEIRO DE PDDdG. Vista a proposta presentada polo concelleiro de PDDdG do grupo Mixto en relación co cumprimento das competencias de vixilancia da seguridade, limpeza e hixiene nas zonas de baño, en cuxa exposición de motivos fai referencia ao artigo 115 da Lei de Costas e as responsabilidades dos concellos, artigos 70 e 73 do Regulamento Xeral de Costas, resolución do MOPU do 2 de setembro de 1991 sobre o balizamento, así como a prohibición de tirar ao mar, plásticos, vidros, aceites, etc., propoñendo ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Instar ao goberno local a:

1. Que proceda coa máxima urxencia a realizar o balizamento segundo o establecido pola normativa vixente.
2. Que a distancia entre a costa e a liña de balizamento que delimita a zona de baño, sexa de 200 metros para permitir o baño de forma segura.
3. Que faga respectar a normativa respecto ao fondeo e navegación preto das zonas de baño
4. Que vixie e aplique as medidas previstas pola lexislación a todos os comportamentos contaminantes.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Mixto: o concelleiro do BNG Iago Varela Martínez ve o texto da moción acorde a dereito pero ten algunha dúbida do que pode significar na práctica porque no noso litoral hai diversas zonas e tamén se practican diversas actividades, cales serían zonas de baño ou que actividades estarían prohibidas, en zonas como Cabanelas podía ter efecto paisaxístico negativo e algunhas actividades habería que restrinxilas, trata de mellorar a moción coa que está de acordo.

A concelleira de AEC María Eva García Amor indica que esta moción ven a poñer por escrito o que xa leva repetindo en varios plenos, é un problema preocupante, a moitos veciños lles molesta a situación da cantidade e situación das embarcacións, a normativa é bastante laxa, acota os douscentos metros, poñer unha canle de entrada e saída máis ou menos se cumpre, en canto a



CONCELLO DE CABANAS

vixilancia unha soa policía local non pode facer moito, hai que intentar regular esta situación dentro do que permita a normativa para solucionar este problema.

O concelleiro de PDDdG Xosé Manuel Pérez Sardiña indica que non só ten obrigas o concello, tamén as federacións de clubs que teñan licenza están obrigadas a colaborar no balizamento, vendo os problemas deste ano as embarcacións achéganse máis a costa e iso obriga ao Concello, non está ben balizado.

Polo grupo Popular: a concelleira Esperanza Gayoso Pereiro fai referencia aos puntos propostos na moción, o balizamento na zona de baño cumpre coa normativa de Costas, tódolos anos se fai igual; cumpre coa distancia dos 200 metros; en canto ao fondeo é competencia da Capitanía Marítima e desde o Concello non hai inconveniente en realizar calquera trámite para garantir a seguridade dos bañistas, e sobre a contaminación os estudos realizados por Sanidade demostran que as augas son de excelente calidade, polo tanto non pode haber vertidos de embarcacións; dentro das competencias municipais hai cuadrillas que están facendo limpeza en quendas de mañá e tarde para mantemento de praia e piñeirai.

Polo grupo Socialista: o voceiro Delfín Feal Pereira estaba a espera da explicación do grupo de goberno, está de acordo coas propostas, ve necesaria a regulación do que xa falou tamén a Sra. García Amor e tamén este voceiro falou de balizar unha canle para piraguas, si o fondeo é competencia de Capitanía que o Concello se fagan os trámites pertinentes para regular iso, tampouco a policía local podería actuar nesa zona, tería que se a garda civil do mar, están de acordo en que a regulación se estenda a toda a costa.

A Sra. García Amor, indica que a lexislación se pode ir cumprindo máis ou menos pero a Lei de Costas establece unhas competencias municipais sobre salvamento e seguridade e no momento que haxa un problema con bañistas a responsabilidade vai ser do Concello, polo tanto é un tema que debe tomarse en serio, parécelle deixadez que non estea feita a canle de entrada e saída.

O Sr. Pérez Sardiña, está de acordo co dito, hai que cumprir a normativa e observa que non se está a cumprir, Chamoso tamén está sen balizar, súmase as propostas anteriores e o problema é un accidente porque se está mesturando embarcacións e persoas bañándose, hai que buscar un equilibrio.

A Sra. Gayoso Pereiro di que a canle de varado de embarcación teñen previsto balizala pero a zona de baño a día de hoxe está sinalizada, e é respectada polas embarcacións, non teñen inconveniente en poñerse en contacto con Capitanía e extramar as precaucións; o balizamento de Chamoso o impacto sería brutal, pódese achegar unha ou dúas embarcacións pero non hai problema, polo tanto se van abster.

O Sr. Alcalde aclara que Chamoso é unha praia natural, non é urbana e non hai que regulala, onde está balizado está prohibido a entrada de moto ou embarcación, non é cuestión de deixadez, hai unha zona que estaba prevista para iso como tódolos anos, se queren que se marque farase, pero nunca estivo doutra forma.

Debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, con seis votos a favor dos membros dos grupos Socialista e Mixto, e cinco abstencións dos membros do grupo Popular, acorda prestar aprobación a referida moción.



CONCELLO DE CABANAS

PARTE DE CONTROL ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

7.- INFORMES DA PRESIDENCIA.

a) Resolucions da Alcaldía. Dáse conta das resolucions ditadas desde a número 269 do 27-06-2016 ata a número 348 do 27-07-2016.

b) Informe sobre a execución trimestral 2ºT/2016. Dáse conta da comunicación dos datos de execución do orzamento no 2ºT de 2016 remitida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, en cumprimento das normas establecidas ao efecto.

c) Informe trimestral sobre a morosidade 2ºT/2016. Infórmase dos datos PMP 2º T/2016 remitidos ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local en cumprimento do establecido no artigo 4.1 b) da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro.

MOCIÓN DE URXENCIA.

A) O concelleiro do BNG D. Iago Varela Martínez manifesta que ten unha moción a presentar por urxencia para a elaboración dun regulamento de agasallos, obsequios e a creación dun rexistro público dos mesmos. A urxencia ven motivada pola negativa do Alcalde-Presidente a incluír na orde do día as propostas da oposición, o BNG está a favor de que tódalas propostas da oposición veñan a Pleno, por iso ante esa actitude da Alcaldía a presenta por urxencia.

Sometida a votación a ratificación da urxencia, o Pleno da Corporación en votación ordinaria resulta aprobada con seis votos a favor dos membros dos grupos Socialista e Mixto e cinco en contra dos membros do grupo popular e a inclusión na Orde do Día

A continuación o Sr.VarelaMartínez da lectura a moción na que propón ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. O concello de Cabanas elaborará un borrador de Regulamento de Agasallos e Obsequios, que será levado a pleno coa maior celeridade posible.

2. Dito regulamento incluírá a creación dun rexistro público de todos os agasallos, obsequios e doazóns, que poderá consultar a veciñanza tanto no Concello como a través da páxina web.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Socialista: o voceiro Delfín Feal Pereira manifesta que inda que na comisión de asuntos do pleno se dixo que isto se estaba cumprindo se votan en contra do debate parece que se quere facer opacidade, así o grupo de goberno pode explicar o que está facendo, en canto ao borrador de regulamento sería interesante que estas propostas veñan xa cun borrador para tratar en comisión.

Polo grupo Mixto: a concelleira de AEC María Eva García Amor considera que xa está regulado e prohibido por lei, non ten porque existir ningún tipo de rexistro, se ten probas de algo disto están os xulgados para denunciálo, de todas formas non está de acordo co veto de ningunha moción, todo o mundo ten dereito a expresar as súas opinións nese aspecto é bo que se traian a pleno.

Polo grupo Popular: a concelleira Esperanza Gayoso Pereiro pensaba que estaba traballando con xente responsable e cando se toma unha decisión na comisión de asuntos do pleno despois de debater o asunto pareceulles que non era unha moción para traer, agora que veñan a pleno e cambien de discurso a descolocan, son uns cambia chaquetas; non teñen inconveniente en facer



CONCELLO DE CABANAS

rexistro pero está claramente lexislado e logo quedan os xulgados, aquí non se vetou ningunha moción, falouse e debateuse e decide a maioría democrática, non se veta nada.

O Sr. Varela Martínez sorpréndelle a actitude da concelleira do partido Popular, a moción é a mesma que presentaron para a comisión, vostedes non a quixeron traer a pleno e ten dereito a presentala por urxencia, si a incluíran na orde do día xa estaría resolto, o que pretende é que quede rexistrado calquera agasallo e agradece o apoio dos concelleiros da oposición para que se incluíra esta moción con independencia do que voten sobre a mesma.

A Sra. García Amor recorda que o único que ten potestade para poñer os puntos da orde do día é o Alcalde.

O Sr. Pérez Sardiña recorda que ten dúas proposta inda pendentes de tratar por este pleno, que foron vetadas – O Sr. Presidente o advirte que se manteña na orde do día-, prosegue o Sr. Pérez Sardiña considera que está dentro do tema e pide que a concelleira do grupo Popular garde as formas que non fai falta chegar a estes extremos.

A Sra. Gayoso Pereiro reitera que non teñen inconveniente en tratar aquí as propostas que democraticamente decidan traer, si na comisión deciden non traer o tema no veñan agora dicir que se veta.

O Sr. Alcalde entende que isto está regulado pola lei de transparencia e os agasallos e doazóns que poida haber van quedar no inventario que está preparando o concello, os funcionarios teñen moito traballo que facer cara os veciños non cara os políticos que temos que facer e ser conscientes do que facemos, dar mais traballo administrativo para entorpecer o traballo diario que se necesita nun concello con pouco persoal non procede e polo tanto votarán en contra.

Debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, con un voto a favor do concelleiro do BNG, seis en contra dos membros do grupo Popular e concelleira de AEC e catro abstencións dos membros do grupo Socialista e concelleiro de PDDdG, acorda rexeitar a devandita moción.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

a) Preguntas orais.

a.1. Grupo Socialista: Intervención do voceiro Delfín Feal Pereira.

a.1.1. Unha vez que está activado o outorgamento de licenzas de obras, as que se teñen solicitado están ditaminadas?, hai algunha pendente?, como está o asunto das licenzas de obras?.

Resposta Alcalde: houbo unha tempada con demora, pero desde que temos nova funcionaria administrativa está o tema practicamente ó día, pode faltar algunha por informes externos pero o resto está ó día.

Intervención da concelleira Concepción Rodríguez Ferreiro.

a.1.2. Con que criterio se realizou a selección de persoal para o campamento de verán no apeadoiro?.

Resposta Alcalde: contratouse a unha empresa que foi a que puxo os monitores.

a.2. Intervención do concelleiro do BNG Iago Varela Martínez.

a.2.1. Vimos que onte estivo con vostede o Sr. Núñez Feijoo e nos gustaría saber se aproveitou o seu encontro para preguntarlle polo PRUX das Fragas do Eume, depósito de residuos



CONCELLO DE CABANAS

ilegais no polígono de Vilar do Colo, inundación de ríos responsabilidade de Augas de Galicia, peche do centro de día, escaseza de persoal no Concello, e si vai permitir que o Sr. Feijoo remate o seu mandato na Xunta sen ter feito nada polo concello de Cabanas mais aló do mínimo imprescindible?.

Resposta Alcalde: preguntoulle por moitas cousas e en canto a que non fixo nada (o Sr. Presidente fai advertencia a concelleira Esperanza Gayoso Pereiro indicándolle que se mantecía en silencio, así como que o público se mantecía en silencio) recorda que se acaban de facer investimentos de 236.000 euros en saneamento de Lavandeira, acábase de aprobar unha obra de 90.000 euros que vai financiar a Xunta, o abastecemento de auga, convenio de mellora estradas en As Modias e outros por 52.000 euros, entre outras, estamos a falar duns 500.000 euros en pouco tempo, e seguirase loitando por cousas, se teñen algunha proposta interesante a pedir no hai problema

O Sr. Varela Martinez reitera que preguntou polo PRUX, residuos asfálticos en Vilar do Colo, inundacións, peche do centro de día, se houbo algunha novidade sobre esas cuestións

O Sr. Alcalde, despois de que lle aclarara os ríos de inundacións, manifesta que non.

a.3. Intervención da concelleira de AEC María Eva García Amor

a.3.1. Quería saber di dispoñemos de tódolos informes pendentes do PXOM?.

Resposta Alcalde: falta o de Fomento, pediu unha pequena modificación, mandóuselle e está pendente.

a.3.2. Sería posible dar un toque de atención á empresa que leva o alumado porque fai poucos días déronme queixas do alumado da praia, hai zonas que están a escuras ao lado do Yellow e dos locais que hai alí, así como detrás do centro de saúde?

Resposta Alcalde: avisarase.

a.3.3. En relación co estado do PRUX, sábese algo?

Resposta Alcalde: cambiouse a conselleira, a directora xeral e o xerente territorial, sábese que están traballando pero non pode dicir máis.

a.3.4. Hai unha orde do 27-06-2016, DOG do 08-07-2016, que establece axudas e investimentos vinculados a parques naturais de Galicia, aparte dos particulares tamén entran os concellos, estase traballando sobre ese tema?.

Resposta Alcalde: pediuse ata 40.000 euros anualidade 2016-2017 para a zona de Soaserra, ten que se vinculada ó parque para arranxo de camiños e algunha fonte.

A Sra. García Amor indica que tamén entran sinalizacións e sería bo de cara ao turismo.

O Sr. Alcalde manifesta que ten que ser dentro do parque, habería que facer estudo de cara a 2018, está aberto a propostas e unha das que pediron os veciños foi o arranxo de camiños, si se lle ocorre algunha proposta antes do venres se pode ver.

a.3.5. Chamouse aos peritos para o caso da casa de Xan Ares?

Resposta Alcalde: chamou ao que dixo o Sr. Feal Pereira, pero non conseguiu falar con el e ten a dúbida si pode facer esa valoración. O Sr. Feal Pereira indica que si a fai, polo que o Sr. Alcalde manifesta que o chamará sen problema.



CONCELLO DE CABANAS

a.4. Intervención do concelleiro de PDDdG Xosé Manuel Pérez Sardiña.

a.4.1. Por que se segue rozando a man as cunetas, os camiños, cando o Concello dispón dun tractor con brazo con rozadora que fai o mesmo traballo ca cuadrilla municipal en menos tempo?

Resposta Alcalde: porque o tractor non da chegado a tódolos puntos.

a.4.2. Hai varios postes no entorno do Concello que están sen cables e sen uso na parte do parque infantil e na parte de abaixo un poste do alumado público moi deteriorado, roga sexan retirados e vixien o da parte de abaixo.

Resposta Alcalde: os postes do parque xa está previsto retiralos e o outro é da eléctrica, polo tanto o rogo hai que facelo a quen lle corresponde.

b) Preguntas por escrito.

b.1. Preguntas presentadas polo concelleiro do BNG Iago Varela Martínez en escritos de data 26 de xullo de 2016.

b.1.1. O BNG recibiu varias queixa de veciñas e veciños que acoden co seu vehículo á praia da Madalena, posto que a meirande parte dos días as prazas de estacionamento reservadas a residentes están ocupadas por vehículos que non dispoñen de tarxeta acreditativa.

Ante esta cuestión, o BNG desexa ter resposta ás seguintes preguntas:

. ¿Ten o equipo de goberno coñecemento destes feitos?

. Estase a comprobar e, polo tanto, sancionar ás condutoras e condutores que incumpren a prohibición de aparcar na zona de residentes sen a vixente tarxeta acreditativa?

Resposta Alcalde: a) hai un seguimento que fai a policía local. b) entende que si.

b.1.2. O 23 de marzo desde o BNG denunciámos a existencia dun importante desprendemento no camiño de acceso á praia de Chamoso e urximos ao Goberno municipal no pleno ordinario dese mes a tomar medidas de prevención para evitar danos persoais e outros desprendementos.

Froito dese desprendemento hai varias árbores en grave risco de caer sobre a praia, unha das cales preocupa especialmente á veciñanza que acude a ese areal polo perigo que supón para as persoas, motivo polo que o 18 de xullo rexistramos no Concello unha solicitude de actuación urxente.

Na comisión e asuntos do pleno do 20 de xullo preguntamos polo estado desta solicitude, e o alcalde respondeu que se dera traslado á Demarcación de Costas.

Á vista destes acontecementos, e dada a preocupación da veciñanza, o BNG quere ter resposta ás seguintes preguntas:

. ¿Cal foio a resposta que deu a Demarcación de Costas a esta solicitude?

. ¿Ten previsto o Concello de Cabanas mellorar a actual sinalización do perigo, consistente nunhas cintas, para evitar accidentes das persoas que fan uso dese areal?

. ¿Cando estima o goberno local que quedará resolto o problema?

Resposta Alcalde: a) que está tramitando resolver ese problema. b) creo que xa está sinalizado.

b.1.3. Co gallo de Santa Marta Co gallo da Romaría de Santa Marta o Concello de Cabanas publicou un boletín que chegou ás casas a través dos envíos de publicidade que ofrece Correos, mais que dedica á romaría só unha das catro páxinas que ten. As outras tres son mera propaganda



CONCELLO DE CABANAS

do Partido Popular de Cabanas disfrazada de institucionalidade, claramente parcial e que omite todas as propostas da oposición aprobadas polo pleno.

Ante esta situación, o BNG desexa ter resposta ás seguintes preguntas:

. ¿Considera o alcalde que o contido deste boletín é obxectivo e recolle a pluralidade da corporación municipal? ¿Por que non se recolle ningunha proposta da oposición?

. ¿Cantos cartos supuxo a edición deste boletín e o seu reparto postal?

. ¿Plantexouse o alcalde repartir persoalmente este boletín polas casas, aforrándolle ao Concello de Cabanas o envío postal e podendo así escoitar as propostas que lle poida facer a veciñanza?

Resposta Alcalde: a) entendo que si recolle tódalas actividades das delegacións do Concello, é un tema do goberno, das actividades que se fan, creo que a oposición está incluída aí, temos claro o que é gobernar o concello e o partido popular, aí van actividades das delegacións e incluso de asociacións.

b) non llo podo dicir agora mesmo pero pouco diñeiro.

c) pois estudarase, sempre escoitamos as propostas da veciñanza, temos claro que quen nos puxo aquí é a veciñanza.

b.2. Preguntas presentadas polo concelleiro de PDDdG Xosé Manuel Pérez Sardiña en escrito de 27 de xullo do 2016.

b.2.1. Recentemente púxose a exposición pública o proxecto de humanización da N-651 que foi reclamada polos veciños no ano 2003, fundamentalmente no ámbito da seguridade viaria. Aproveitando que se van facer beirarrúas novas ten previsto o concello cambiar como están a facer concellos veciños a rede de abastecemento no Areal xa que as tubarías teñen máis de 30 anos e sofren continuas roturas? Prevese no proxecto soterrar as liñas de baixa e media tensión? Que outras canalizacións están previstas?

Resposta Alcalde: o proxecto está a exposición pública, vostede ten a posibilidade de velo, xa se comentou noutras ocasións.

b.2.2. No último pleno o goberno local expuxo as propostas de localización de futuros desfibriladores automáticos na escola de Porto e no club Xuventude de Cabanas. A praia de Cabanas e O Areal é un lugar onde acoden milleiros de persoas no verán, á parte da celebración da romaría de Santa Marta e das fogueiras de San Xoán. Considerou estas circunstancias o goberno local para cardioprotexer este lugar con un desfibrilador?

Resposta Alcalde: xa se explicou, pero acláralle que o desfibrilador vaise poñer na área recreativa da Veiga non no club Xuventude de Cabanas, e no relativo a praia, díxose que cando se teña no colexio Eladía Mariño trasladarase no verán a esa zona.

b.2.3. Xa é habitual no señor alcalde censurar propostas da oposición, como tampouco traslada á Comisión de Asuntos de Pleno as queixas que fan chegar os veciños e veciñas ao concello. Que lle contestou a unha queixa veciñal sobre recollida de lixo nos Chaos-Laraxe?

Resposta Alcalde: a contestación foi por escrito, se quere saber a contestación a pide por rexistro e lla entrego.

b.2.4. Sobre contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social en Cabanas. Que labores desenvolven estas persoas en situación ou risco de exclusión social en Cabanas?

Resposta Alcalde: consta nas bases de contratación.



CONCELLO DE CABANAS

b.2. 5. No pasado pleno preguntámoslle polo contrato a través de procedemento negociado sen publicidade a actuación "Roce e limpeza do parque do Areal no Concello de Cabanas" por un importe de 3.466,65 €, non contestou a pregunta como xa é normal. Para este pleno temos coñecemento de dous contratos máis a través desa mesma modalidade que suman 9028 € para "Limpeza do piñeiral e praia da Madalena no Concello de Cabanas" e 9766,05 € para limpeza do contorno da Veiga (un total de 22.260,70€). Que actuacións deben realizar estas empresas que non fagan xa os operarios da cuadrilla de obras municipal? Que motiva que o alcalde non fixese un só procedemento de contratación para todos os espazos?

Resposta Alcalde: recóllese no contrato, son contratos distintos, os traballos son distintos e non ten que ver un contrato con outro.

b.2.6. Soubemos que no Camiño Inglés, en Laraxe, un veciño solicitou licenza para pechar a súa propiedade. Non obstante, a Dirección Xeral de Patrimonio informou desfavorablemente a actuación e o concello acabou denegando a licenza. Con carácter xeral que valoración lle merece esta situación?

Resposta Alcalde: non lle merece valoración

b.2.7. O decreto 279/2016 establece o derribo de dous chalés con formas cúbicas no Pombal, parroquia de Porto, e amnistía un chalé de pedra denunciado no seu día e que agora, pasados os prazos, ficaría fóra de ordenación. Cales foron os motivos que argumentou para amnistiar un chalé de pedra, de segunda residencia, construído sen licenza municipal e sen posibilidades de legalización?

Resposta Alcalde: creo que lle da un pouco a volta ao asunto, segundo se acredita no expediente así está feito, hai un expediente e está acreditado todo o que se fixo.

b.2.8. O alcalde remitiu documentación do PXOM adaptada a un "informe de Fomento". Chegou a este concello algún informe de Fomento nestes últimos meses sobre o PXOM? Que adaptacións se están a facer e quen as está a facer? Renovóuselle o contrato ao redactor do PXOM?

Resposta Alcalde: dixo que había solicitado non enviado o informe de Fomento, e non se renovou, estase preparando o expediente para renovo.

b.2.9. Como non responde volvémoslle a preguntar por quinta vez pola vixencia da acta entre o Concello e a Demarcación de Carreteras de 19 de decembro de 1983. Pódenos contestar a pregunta pendente de marzo, abril, maio e xuño na presente sesión? Quen determina as aliñacións nas vías urbanas? Está a ceder o goberno local os bens e inmobles de Cabanas ao proxecto do Ministerio de Fomento?

Resposta Alcalde: xa ven de varios meses, xa lle contestou e agora mesmo está a exposición pública un proxecto que está incluída esa estrada, creo que aí está a cuestión, esa pregunta non lla pode contestar.

b.2.10. O pasado mes de xuño a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural informou sobre o estado dunha ponte no Camiño Inglés. Que medidas adoptou o goberno local diante desta comunicación?

Resposta Alcalde: cree que a propia contestación de Patrimonio xa contesta a pregunta, non é competencia do Concello o mantemento desa ponte.

b.2.11. O Valedor do Pobo fixolle unha recomendación sobre as obras executadas en Cardeita, cun hórreo desaparecido e un expediente de reposición da legalidade. Como considera as recomendacións suxeridas polo Valedor do Pobo?



CONCELLO
DE
CABANAS

Resposta Alcalde: se tramitará o que corresponda en cada momento como se fixo co resto.

b.2.12. Rogo. No final da estrada provincial do Barreiro xa vimos como saltaron as tapas do saneamento durante este inverno e calquera choupe que veña en anos vindeiros repetirase a situación. Suxerímoslle que estude as causas desta situación e en primeiro lugar se corte a entrada de pluviais na rede de saneamento do Barreiro.

b.2.113. Rogo Moitas fontes están totalmente comidas pola brouzada, tamén rúas da vila, de Porto e accesos a lugares habitados, xa recibimos queixas de veciños que rozaron os coches nas silvas. Suxerímolle ao goberno local que faga unha revisión do estado dos viais e das fontes municipais e envíe á cuadrilla de obras canto antes priorizando os accesos a núcleos.

Resposta Alcalde: sobre o primeiro xa lle contestou, xa fixo a pregunta Iago Varela, xa gustaría solucionalo tan rápido como vostede pretende, ese saneamento ven de Laraxe e polo tanto as augas pluviais se conectaron no seu día cando no se podía facer, aí está o problema, é máis difícil que poñelo no papel.

No referente as cuadrillas e das queixas xa lle contestou que se está a traballar intentando chegar a tódolos camiños e núcleos dentro das posibilidades que ten o Concello.

A continuación a Presidencia levanta a sesión sendo as vinte e unha horas e trinta minutos da cal estendo a presente acta , e do que eu Secretario, dou fe.

Vtº e prace.

O Alcalde

